



Este proxecto recibiu financiamento do programa de investigación e innovación Horizonte 2020 da Unión Europea en virtude do acordo de subvención N° 821282.

Mais información:

Web: www.shelter-project.com

Twitter: @Shelter_EU

Facebook: www.facebook.com/shelterprojectsocial

Coordinado por:



Coa participación dos seguintes países:

Austria, Bélxica, Bosnia e Hercegovina, Croacia, República Checa, Francia, Italia, Montenegro, Serbia, Eslovenia, España, Holanda, Turquía, Reino Unido.

Entidades socias:

Alma Mater Studiorum – Università Di Bologna, UNESCO, Politecnico di Torino, University of Liège, Universidad Del Pais Vasco/ Euskal Herriko Unibertsitatea, Masarykova Univerzita, IHE Delft Institute For Water Education, LINKS Foundation, Center for risk and crises management-CRCM, Tower, UniSmart, Ekodenge, Nobatek, Sistema, R.E.D. srl, Estudios GIS, Seferihisar Municipality, International Sava River Basin Commission, Dordrecht Municipality, Xunta de Galicia - Dirección Xeral De Calidade Ambiental e Cambio Climático, Euronet, Alpha Consult, Ekodenge sustainability Engineering.



Aceptando o cambio:

mellorando a resiliencia do patrimonio cultural e natural.

SHELTER (Sustainable Historic Environments holistic reconstruction through Technological Enhancement & community-based Resilience - polas súas siglas en inglés) ten como obxectivo aumentar a resiliencia, reducir a vulnerabilidade e promover unha mellor e máis segura reconstrución das áreas históricas, tanto naturais como culturais.



Obxectivo:

Nas últimas décadas, o patrimonio cultural e natural viuse afectado por un número cada vez maior de impactos derivados do cambio climático, o que supón novos retos para os axentes responsables da conservación e do patrimonio.

SHELTER (Sustainable Historic Environments holistic reconstruction through Technological Enhancement & community-based Resilience) é un proxecto de investigación e innovación financiado polo programa Horizonte 2020 da Unión Europea.

SHELTER ten como obxectivo o desenvolvemento dun marco de coñecemento operativo, innovador e punteiro, baseado en información e datos así como en coñecemento local, que reunirá á comunidade científica e os xestores do patrimonio co obxectivo de aumentar a súa resiliencia, reducir a súa vulnerabilidade e promover unha mellor e máis segura reconstrución en áreas históricas, culturais e naturais.

Todos os desenvolvementos do proxecto serán validados en 5 casos de estudo a modo de laboratorios, representativos dos principais retos climáticos e ambientais en Europa e das diferentes tipoloxías do patrimonio.

Casos de estudo como laboratorios territoriais

O proxecto traballará ao redor de cinco casos de estudo representativos dos principais desafíos climáticos e ambientais en Europa e das diferentes tipoloxías do patrimonio natural e cultural, en cooperación con axentes locais:

- 3 Casos urbanos en Ravenna, Seferihisar e Dordrecht,
- 2 casos transfronterizos: na conca do río Sava e o parque natural de Baixa Limia-Serra do Xurés.

Todos os casos de estudo están conectados a través dunha rede de aprendizaxe que facilitará un continuo intercambio de coñecementos, experiencias e boas prácticas de xestión e o acceso aos mellores procesos de aprendizaxe.

Resultados esperados:

- Marco de coñecemento operativo innovador e punteiro, baseado en información e datos, así como en coñecemento local, para fomentar a conservación e resiliencia do patrimonio histórico, cultural e natural.
- Solucións efectivas para mellorar a protección do devandito patrimonio en todas as fases da xestión do risco de desastres naturais: prevención, preparación, resposta e recuperación.
- Estratexias e solucións rendibles e baixas en carbono, acordadas coa comunidade, para a adaptación ao cambio climático das áreas históricas.

